



NORMAS DA PROBA

Benvidas e benvidos á proba para a certificación de nivel das competencias dixitais ComDix Intermedio – Área 4 para alumnos e alumnas de Formación Profesional ou Bacharelato para persoas adultas.

A proba ten unha duración máxima de 20 minutos. Transcorrido este tempo finalizarase de xeito automático e entregárase para a súa corrección. A proba pode finalizarse antes dos 20 minutos.

Non se pode comer nin beber durante a proba. Se alguén precisa ir ao baño, agora é o momento, pois non poderá saírse da aula mentres non acabe a proba.

A proba consta de **12 preguntas**, da área 4 "Seguridade e privacidade", que comprende 4 competencias diferentes, propoñendo 3 preguntas para cada unha desas competencias (2 que se enfocan a verificar coñecementos e 1 máis orientada a verificar habilidades).

O tipo de preguntas é variado. Fixádevos que algunhas piden unha única resposta, outras piden varias, en ocasións hai que escribir manualmente a resposta, noutros casos arrastrar elementos... Se xorden dúbidas, para cada pregunta tendes o botón "Mostrar axuda" onde aparece a indicación de como se debe responder esa pregunta.

Durante a realización da proba podedes acceder a Internet – de feito para responder a algunha das preguntas pode ser necesario. Este acceso só estará permitido a través do equipo informático co que estás a realizar a proba, xa que non está permitido o uso de calquera outro dispositivo electrónico. Tamén pode ser necesario facer uso dalgún dos programas instalados no equipo: lector de PDF...

As preguntas falladas **non descontan**, polo que **é recomendable que contestedes a todas as preguntas**. Para aprobar é necesario acertar cando menos o **60%** das preguntas do exame (**7 preguntas acertadas**).

Salvo nas preguntas tipo "simulación", que explicaremos a continuación, despois de contestar cada pregunta debes premer o botón "Gardar" antes de

pasar á seguinte. Nestas preguntas ademais poderedes logo volver sobre elas máis adiante para repasar e, se aplica, cambiar a resposta.

Sen embargo, as preguntas tipo "simulación" - marcadas cunha icona no menú de navegación - non dispoñen de botón "Gardar", senón que piden que a persoa aspirante faga unha serie de clics sobre unha imaxe ata completar un determinado proceso, momento no que a plataforma informa de que rexistrou os clics para a súa validación. Este tipo de preguntas non poermite ser revisadas, polo que é importante pensar ben os pasoa a dar antes de facer clic sobre a imaxe.

Unha vez chegado ao final das 12 preguntas, debeses aseguravos de que todas as preguntas foron contestadas, e que están marcadas en azul no menú de navegación.

Antes de comezar a proba, e antes de poñer o PIN de activación, debeses elixir en que idioma a queredes realizar: galego ou castelán. O idioma elixido acompañaravos ao longo de toda a proba sen opción a cambialo.

Rematada a proba, aparecerá en pantalla se o voso resultado é apto/non apto, así como a puntuación obtida por área e aquelas preguntas erradas, indicando cal sería a resposta correcta.

Finalizada a proba, poderedes consultar as preguntas falladas e comprobar cal era a resposta correcta. En todo caso, é importante que acabedes a sesión premendo o botón finalizar.

Empezamos:

Para entrar na plataforma de certificación abride un navegador, por exemplo Chrome, e escribide o URL:

<https://certificacion-competenciasdixitais.xunta.gal/examinador>

Xa na páxina, debeses indicar:

- Paso 1:

Nome de usuario: o voso DNI

*Contrasinal: **comdixfp***

- Paso 2: Xestionar cookies - Basta con aceptar as Cookies.

- Paso 3: Premer en “Comezar proba” e introducir o seguinte [PIN]

(Estes datos tédelos escritos no taboleiro).

No caso de que nese momento a algún dos presentes lles saia a mensaxe

“Volve a activar a proba para que se xere correctamente”

Bastará con premer novamente en “Activar” para que xere a proba.

Tedes 20 minutos. Moita sorte!